Non se fai, xa que o tempo é moi xusto para impartir toda a materia.

4.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Presentaranse diferentes actividades de reforzo, consolidación e ampliación dos conceptos. Neste curso e debido a interrelación social e cultural que caracteriza este concello, buscarase dentro da aula un equilibrio e unha atención axeitada a esta interculturalidade.

4.10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Neste curso os temas transversais, deberán estar relacionados coa importancia da Física na súa relación coa vida cotiá, de xeito que:

A educación para a saúde, a defensa do medio ambiente, a contaminación acústica, as contaminacións aéreas, as guerras, os desastres ecolóxicos ... deben estar sempre presentes neste currículo, e cada un dos temas previstos débense relacionar con estes temas transversais xa que nos atopamos nun período de desenrolo tal que xa se ten unha idea axeitada destes temas.

QUIMICA 2º DE BACHARELATO

1ª Avaluación

Temporalización

Tema 1.-**Química do Carbono.** 3.5 *semanas*

Tema 2.-**Cálculos numéricos elementais na Química.** 3.5 *semanas*

Tema 3.-**Estrutura da materia** 2.5 *semanas*

2ª Avaluación

Tema 4.-**Enlace Químico: enlace iónico
Enlace covalente. Forzas intermoleculares.** 4 *semanas*

Tema 5.-**Cinetica química** 1,5 *semanas*

Tema 6.-**Equilibrio Químico** 2 *semanas*

3ª Avaluación

Tema 7.-**Reaccións de transferencia de protóns** 4 *semanas*

Tema 8.-**Reaccións de transferencia de electróns** 3 *semanas*

Objec-tivos etapa	Contidos	Criterios avaliación	Grao mínimo de cons.	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instru-mentos avaliación	Nº de se-sións
<p><u>1ª Avaliación</u> a)</p> <p>Manexar axeitamente o concepto de mol. b)</p> <p>Manexo da ecuación de estado dos gases ideais, e a súa aplicación para unha mestura de gases. c)</p> <p>Entender o concepto de disolución, e calcular axeitamente a súa concentración segundo as diferentes maneiras de expresala. d)</p> <p>Realizar cálculos estequiométricos segundo os diferentes casos. e)</p> <p>Saber formular e nomealos diferentes tipos de compostos orgáni-</p>	<p>TEMA1.-CALCULOS NUMÉRICOS ELEMENTAIS EN QUÍMICA</p> <p>1.1.-Sustancias químicas 1.2.-Masa atómica, masa molecular, mol. 1.3.-Composición centesimal dun composto. 1.4.-Determinación da fórmula dun composto por análise elemental: fórmula empírica e molecular. 1.5.-Mesturas. Mesturas homoxéneas: mesturas de gases; disolucións líquidas. Dilución de disolucións. 1.6.-Formas de expresa-la concentración das disolu-cións: porcentaxe en peso, molaridade, molalidade, fracción molar, porcentaxe en volume e masa/volume. 1.7.-Comportamento dos gases en condicións ideais. Ecuación de estado, Lei de Dalton das presións parciais. 1.8.-Determinación da masa molecular dun gas a partires dos valores de magnitudes relacionadas coa ecuación de estado. 1.9.-Reacción química. Ecuación química. 1.10.-Cálculos estequiométricos: reactivo limitante, reactivo en exceso, reaccións nas que participan gases e/ou sustancias en disolución, reactivos cun determinado grado de pureza, rendemento dunha reacción.</p> <p>TEMA 2.- QUIMICA DO CARBONO.</p> <p>2.1.-O carbono como unidade estrutural básica:</p>	<p><u>1ª Avaliación</u></p> <p>T1.1.- Resolver cuestións e problemas relacionados cos cálculos numéricos elementais. T2.1.- Formulación orgánica (máximo un grupo funcional). Isomería : distintos tipos. T2.2.- Saber identificar os diferentes tipos de reaccións orgánicas, así como os principais polímeros e as suas aplicacións. T3.1.- Os</p>	<p><u>1ª Avaliación</u></p> <p>*Resolver cuestións e problemas relacionados cos cálculos numéricos elementais. *Formula ción orgánica (máximo un grupo funcional). Isomería : distintos tipos. *Tipos de reaccións orgánicas e principais polímeros. *Os números cuánticos e o seu significado, resolver cuestións , configuración electrónica e variacións periódicas.</p>	<p><u>1ª Avaliación</u></p> <p>T1.1.- Calcular o nº de moles e moléculas a partires da masa en gramos e viceversa. T1.2.- Resolver exercicios de aplicación da ecuación de estado dos gases ideais. T1.3.- Deduci-la fórmula dun composto a partires da composición centesimal T1.4.- Calcula-la molaridade dunha disolución a partires da densidade e tanto por cento en peso. T1.5.- Calcular a molaridade, molalidade, porcentaxe en peso e a fracción molar dunha disolución. T1.6.- Realizar cálculos estequiométricos segundo os diferentes casos. T2.1.- Formular e nomealos diferentes tipos de compostos orgánicos. T2.2.- Comprende-los distintos tipos de isomería e escribir correctamente as fórmulas dos isómeros estruturais. T2.3.- Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (sustitución, adición, eliminación, condensación redox), predicindo os produtos, si e necesario. T2.4.- Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas, poliésteres, poliuretanos</p>	<p>CMCCT</p> <p>Uso das ferramentas matemáticas axeitadas, o que adquire especial relevancia en tódolos exercicios numéricos, para os cales o bagaxe matemático e unha ferramenta indispensable.</p> <p>CD</p> <p>Uso de las tecnoloxías da información e comunicación para comunicarse, obter información, , simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc.</p> <p>CSIEE</p> <p>Potenciar o espírito crítico en cuestións científicas; enfrontarse aos problemas, participar na construción de solucións, desenrolar a capacidade de analizar situacións valorando os factores</p>	<p>Farase un exame escrito por cada avaliación, que constará de 5 preguntas, seguindo o modelo de examen de selectividade: as dúas primeiras serán cuestións de razoar, logo 2 problemas numéricos e por último unha práctica de laboratorio. A puntuación será a mesma para as 5 preguntas, o cal explicitarase na folla de exame. No exame final, os alumnos poderán elixir unha opción a realizar</p>	<p><u>1ª av</u></p> <p>T1.-14 T2.-14 T3.-10</p> <p><u>2ª av</u></p> <p>T4.-16 T5.-6 T6.-8</p> <p><u>3ª ev</u></p> <p>T7.-16 T8.-12</p>

<p>cos. f)</p> <p>Coñecer os distintos tipos de isomería e escribir correctamente os diferentes tipos de isómeros.</p> <p>g)</p> <p>Identificar os diferentes tipos de reaccións orgánicas.</p> <p>h)</p> <p>Coñecer os principais polímeros de interese industrial</p> <p>i)</p> <p>Analizar as leis, modelos e teorías diferentes que posibiliten desenvolver o pensamento crítico e valoralo seu aporte o desenvolvemento da química.</p> <p>j)</p> <p>Desenvolver valores e actitudes propias do pensamento científico como a busca de información, a curiosidade, a capaci-</p>	<p>tipos de enlace do carbono.</p> <p>2.2.-Hidrocarburos: definición, clasificación, nomenclatura (IUPAC) e isomería.</p> <p>2.3.-Grupos funcionais (alcohois, fenóis, aldehidos, cetonas, ácidos, éteres, derivados haloxenados, aminas, amidas, nitrilos. Nomenclatura (IUPAC).</p> <p>2.4.-Isomería plana: a) cadea; b) posición; c) función.</p> <p>2.5.-Estereoisomería: a) isomería óptica; b) isomería xeométrica ou cis-trans.</p> <p>2,6.- Reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.</p> <p>2,7.- Polímeros de interese industrial: obtención e aplicacións dos principais.</p> <p>TEMA 3.- ESTRUCTURA DA MATERIA</p> <p>3.1.-Orixes da teoría cuántica. Hipótese de Planck.</p> <p>3.2.- Espectros atómicos.</p> <p>3.3.-Modelo atómico de Bohr e as súas limitacións.</p> <p>3.4.-Introdución a mecánica cuántica. Hipóteses de De Broglie. Principio de Heisenberg. Mecánica ondulatoria.</p> <p>3.5.-Orbitais atómicos. Números cuánticos.</p> <p>3.6.-Configuracións electrónicas: Principio de Pauli e regra de Hund.</p> <p>3.7.-O sistema periódico: clasificación periódica dos elementos. Variación periódica das propiedades dos elementos.</p> <p>TEMA 4.- ENLACE QUÍMICO.</p> <p>4.1.- Concepto de enlace en relación coa estabilidade enerxética dos átomos</p>	<p>números cuánticos e o seu significado, resolver cuestións, configuración electrónica e variacións periódicas.</p> <p>T3.2.- Estudio dos grupos plan-texados a nivel de comentario das súas propiedades periódicas(non como química descriptiva).</p> <p>T4.1.- Tipo de enlace, enerxía de rede, e propiedades dos compostos iónicos.</p> <p><u>2ª Avaliación</u></p> <p>T4.2.- As estruturas de Lewis, forma e polaridade das moléculas.</p>	<p>*Estudo dos diferentes grupos a nivel de comentario das súas propiedades periódicas.</p> <p>*Tipo de enlace, enerxía de rede, e propiedades dos compostos iónicos.</p> <p><u>2ª Avaliación</u></p> <p>*As estruturas de Lewis, xeometría e polaridade das moléculas.</p> <p>*Cuestións de cinética relacionadas cos factores de que depende a velocidade das reaccións químicas.</p> <p>*Principio</p>	<p>e baquelita.</p> <p>T3.1.- Obte-los distintos orbitais a partir dos valores dos números cuánticos, entendendo o significado destes.</p> <p>T3.2.- Escribir correctamente configuracións electrónicas</p> <p>T3.3.- Relaciona-la clasificación periódica coa configuración electrónica dos elementos.</p> <p>T3.4.- Interpreta-las propiedades que varían de forma periódica.</p> <p>T4.1.- Identifica-las enerxías implícitas na formación dun composto iónico.</p> <p>T4.2.- Resolver cuestións sobre as propiedades dos compostos iónicos usando o concepto da enerxía de rede.</p> <p><u>2ª Avaliación</u></p> <p>T4.3.- Realizar axeitamente as estruturas de Lewis.</p> <p>T4.4.- Xustifica-la xeometría, polaridade e hibridación das moléculas.</p> <p>T4.5.- Identifica-los distintos tipos de forzas intermoleculares.</p> <p>T5.1.- Predi a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.</p> <p>T5.2.- Explicar o funcionamento dos catalizadores utilizando o concepto de enerxía de activación.</p> <p>T5.3.- Mecanismo de reacción: etapa limitante.</p> <p>T6.1.- Resolver problemas numéricos relacionados coas constantes de equilibrio e a súa composición.</p>	<p>que han incidido nelas e as consecuencias que poden ter.</p>	<p>entre dúas, de acordo co modelo de exame de selectivo. Poderán utilizar a calculadora non programable e co exame facilitaráselles unha Taboa Periódica. A avaliación será continua, coa realización de tres probas anuais, coincidindo coos períodos de avaliación escolar. Para os alumnos que non acadaron os contidos mínimos, daráselles a oportunidade de realizar un derradeiro exame de toda-la materia. No caso de non aprobar (nota de</p>
--	---	--	---	---	---	---

<p>dade crítica, o traballo sistemático e rigoroso e unha actitude dialogante e non dogmática. k)</p> <p>Obter os distintos tipos de orbitais a partir dos valores dos números cuánticos. l)</p> <p>Escribir correctamente configuracións electrónicas m)</p> <p>Interpretar as propiedades que varían de forma periódica. n)</p> <p>Entender as diferentes maneiras de enlazarse os átomos.</p> <p><u>2ª Avaliación</u> a)</p> <p>Coñecer as estruturas de Lewis b)</p> <p>Razoar a xeometría molecular e a polaridade das</p>	<p>enlazados.</p> <p>4.2.-Enlace iónico. Propiedades das sustancias iónicas.</p> <p>4.3.- Concepto de enerxía de rede. Ciclo de Born - Haber. Influencia da constante de Madelung no valor da enerxía de rede.</p> <p>4.4.-Enlace covalente. Enerxía de enlace e lonxitude de enlace. Propiedades das sustancias covalentes.</p> <p>4.5.-Estruturas electrónicas de punto de Lewis. Enlaces múltiples.</p> <p>4.6.-Excepcións a regra do octeto.</p> <p>4.7.- Polaridade de enlace. Concepto de electronegatividade e a súa variación na táboa Periódica. Momento dipolar.</p> <p>4.8.-Xeometría das moléculas. Teoría da repulsión dos pares de electróns da capa de valencia (T.R.P.E.C.V.). Polaridade da molécula en relación coa polaridade dos enlaces. Introducción cualitativa a teoría do enlace de valencia. Enlaces sigma e enlaces pi.</p> <p>4.9.- Enlace de Hidroxeno. Forzas de Van Der Waals.</p> <p>TEMA 5.-CINETICA QUIMICA</p> <p>5.1.- Obxecto da cinética química.</p> <p>5.2.- Factores de que depende a velocidade das reaccións químicas.</p> <p>5.3.- Ecuación de velocidade e orden de reacción.</p> <p>5.4.- Dependencia da velocidade da reacción ca temperatura: ecuación de Arrhenius.</p> <p>5.5.- Concepto de enerxía de activación.</p> <p>5.6.- Os catalizadores: importancia e funcionamento.</p> <p>5.7.- Mecanismo de reac-</p>	<p>las.</p> <p>T5.1.- Xustificar como a natureza e concentración dos reactivos, a temperatura e os catalizadores modifican a velocidade das reaccións.</p> <p>T5.2.- Coñecer que a velocidade de unha reacción depende da etapa limitante, segundo o seu mecanismo.</p> <p>T6.1.- Problemas numéricos relacionados coas constantes de equilibrio e a súa composición.</p> <p>T6.2.- Principio de Le Chatelier.</p> <p><u>3ª Avaliación</u></p>	<p>de Le Chatelier.</p> <p>*Problemas numéricos relacionados coas constantes de equilibrio e a súa composición.</p> <p><u>3ª Avaliación</u></p> <p>*Problemas de solubilidad, produto de solubilidad, efecto ión común e condicións de precipitación.</p> <p>*Cuestións ácido-base.</p> <p>*Problemas numéricos de ácidos e bases fortes e débiles, cálculos de pH, constantes de acidez ou basicidade.</p> <p>*Valoraci</p>	<p>T6.2.- Determinar cara onde desprazarse o equilibrio modificando concentracións, presión ou temperatura.</p> <p><u>3ª Avaliación</u></p> <p>T6.3.- Calcula-la solubilidad a partir do produto de solubilidad e viceversa</p> <p>T6.4.- Calcula-la solubilidad cando hai un ión común</p> <p>T6.5.- Dilucidar cando se formará un precipitado (condicións de precipitación).</p> <p>T7.1.- Resolver cuestións baseadas nas definicións de ácido e base segundo as teorías de Arrhenius e Bronsted-Lowry.</p> <p>T7.2.- Resolver problemas numéricos de ácidos e bases fortes e débiles, cálculos de pH, constantes de acidez ou basicidade.</p> <p>T7.3.- Exercicios de valoracións ácido-base.</p> <p>T7.4.- Resolver exercicios de hidrólise.</p> <p>T8.1.- Axuste de ecuacións REDOX polo método do ion-electrón.</p> <p>T8.2.- Resolución de problemas de estequiometría das reaccións REDOX.</p> <p>T8.2.- Resolver problemas de electrólise.</p> <p>T8.3.- Problemas que inclúan o uso dos potenciais redox.</p>		<p>5) poderán realizar un exame extraordinario en Setembro cos mesmos criterios e a mesma programación que en Xuño.</p>
---	---	--	--	--	--	---

<p>molecul- lar. c)</p> <p>Com- prensión da teoría da hibridación. d)</p> <p>Coñece- los diferen- tes tipos de forzas intermo- leculares. e)</p> <p>Com- prensión dos factores dos que depende a veloci- dade dunha reacción química. f)</p> <p>Facer cálculos axeitados para resolver proble- mas de equili- brio. g)</p> <p>Entende- lo impor- tantísimo principio de Le Chatelier.</p> <p><u>3ª Ava- liación</u> a)</p> <p>Com- prensión dos concep- tos de ácido e base segundo as dife- rentes teorías. b)</p> <p>Resolver de ma- neira axeitada os pro-</p>	<p>cion e molecularidade.</p> <p>TEMA 6.- EQUILIBRIO QUIMICO.</p> <p>6.1.-Equilibrio químico aplicado a reaccións en fase gasosa en condicións ideais.</p> <p>6.2.-Definición termodi- námica de K_p.</p> <p>6.3.-Expresión de K_p a partir da ecuación química da reacción.</p> <p>6.4.-K_c e a súa relación con K_p.</p> <p>6.5.-Cálculo de K_p a partir de datos termodinámicas.</p> <p>6.6.-Cálculo de K_p e K_c a partir da composición do equilibrio.</p> <p>6.7.- Principio de Le Chatelier. Estudo cualita- tivo da modificación do estado de equilibrio por variación de: a concentra- ción dos reactivos, a presión e a temperatura</p> <p>6.8.-Equilibrios de solubi- lidade: Relación entre solubilidad e produto de solubilidad. Efecto do ion común. Condicións de precipitación.</p> <p>TEMA 7.-REACCIONES DE TRANSFERENCIA DE PRO- TONS.</p> <p>7.1.-Ácidos e bases. Defi- nicións segundo as teorías de Arrhenius e Brónsted- Lowry.</p> <p>7.2.-Equilibrios ácido-base en disolución acuosa. Produto iónico do auga. Notación pH, pOH e pK.</p> <p>7.3.-Forza de ácidos e bases fronte o auga. Cons- tantes de acidez e basici- dade.</p> <p>7.4.-Propiedades ácido- base das disolucións de sales (Hidrólise).</p> <p>7.5.-Reaccións entre áci- dos e bases.</p> <p>7.6.-Consideracións cuali-</p>	<p>T6.3.- Proble- mas de solubili- dade, produto de solubi- lidade, efecto ión común e condi- cións de precipita- ción.</p> <p>T7.1.- Proble- mas nu- méricos de ácidos e bases fortes e débiles, cálculos de pH, constan- tes de acidez o basicida- de.</p> <p>T7.2.- Valora- ción áci- do-base(proble- mas)</p> <p>T8.1.- Axuste de reaccións químicas polo ión- electrón. Resolu- ción de proble- mas de este- quiome- tría das reaccións REDOX.</p> <p>T8.2.- Proble- mas que</p>	<p>ón ácido- base(proble- mas)</p> <p>*Axuste de reac- cións químicas polo ión- electrón. Resolu- ción de proble- mas de este- quiome- tría das reaccións REDOX, e usando os poten- ciais re- dox.</p>			
---	--	--	---	--	--	--

<p>blemas ácido-base. c)</p> <p>Aprender o axuste das reaccións redox polo método do ión-electrón. d)</p> <p>Resolver exercicios utilizando os valores dos potenciais redox. e)</p> <p>Saber calcular a solubidade e a constante de solubidade nos diferentes casos.</p>	<p>tativas acerca das disolucións reguladoras.</p> <p>7.7.-Valoración ácido-base: valoración dun ácido forte cunha base forte; función do indicador.</p> <p>7.8.-Neutralización ácido-base fortes.</p> <p>TEMA8.- REACCIONES DE TRANSFERENCIA DE ELECTRONES.</p> <p>8.1.-Reaccións de transferencia de electróns. Concepto de oxidación-reducción.</p> <p>8.2.-Axuste de reaccións de oxidación-reducción polo método do ión electrón.</p> <p>8.3.-Procesos redox e traballo eléctrico. Células galvánicas. Potencial da célula.</p> <p>8.4.-Potencial normal de eléctrodo. Eléctrodo de referencia.</p> <p>8.5.-Relación do potencial normal da celda coa variación de enerxía libre normal do proceso redox.</p> <p>8.6.-Predición da espontaneidade dun proceso redox utilizando os valores tabulados dos potenciais normais</p>	<p>inclúan o uso dos potenciais redox.</p>						
--	---	--	--	--	--	--	--	--

4.2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Buscarase un método que facilite unha aprendizaxe constructivista, na que se percurará coñecer as ideas previas dos temas.

Facilitar que o alumno formule hipóteses para explicar cada problema, guiando as ideas que vaian xurdindo.

Facer prácticas de laboratorio, usar medios audiovisuais...

Motivalo alumnado relacionando os diversos temas coa vida cotiá. Expoñer cuestións e problemas abertos. Percurar que o alumno relacione os problemas coos contidos teóricos, que saiba resolverlos e aplicarlos conceptos aprendidos.

Percurarase que o método aplicado sexa flexible e que se adapte as características do alumno e

das unidades didácticas.

A continuación danse unha serie de orientacións sobre a asignatura de QUÍMICA nas que se resume o que o alumno debe dominar para acceder con garantías a Universidade no que se refire a esta asignatura.

É fundamental que os alumnos realicen eles mesmos as actividades de laboratorio, para estar en condicións de respostar as cuestións que se lles pregunten sobre as actividades que aparecen nas presentes orientacións.

O exame de QUÍMICA, que sigue o mesmo esquema que nas PAAU, consistirá en: dúas cuestións teóricas de razoar, dous problemas numéricos e máis unha práctica de laboratorio, puntuando 2 puntos cada pregunta.

No exame final, os alumnos poderán elixir unha opción a realizar entre dúas.

Poderán utilizar a calculadora non programable e co exame facilitaráselles unha Taboa Periódica

A avaliación será continua, coa realización de tres probas anuais, coincidindo coos períodos de avaliación escolar.

Para os alumnos que non acadaron os contidos mínimos, daráselles a oportunidade de realizar un derradeiro exame de toda a materia.

No caso de non aprobar (nota de 5) poderán realizar un exame extraordinario en Setembro cos mesmos criterios e a mesma programación que en Xuño.

• RECURSOS DIDÁCTICOS

Para conquistar os obxectivos xerais, contase cos seguintes recursos didácticos:

Un laboratorio de Química no que se fan as seguintes prácticas:

Prácticas de LABORATORIO :	<i>Temporalización</i>
○ Preparación de disolucións	<i>1 sesión</i>
○ Valoración ácido-base	<i>1 sesión</i>
○ Medida do pH para diferentes disolucións	<i>1 sesión</i>
○ Construción da pila Daniell	<i>1 sesión</i>
○ Filtración (gravidade e vacío). Disolución de precipitados.	<i>1 sesión</i>
○ Valoración redox	<i>1 sesión</i>

Contase tamén con *Libros de Consulta* que existen, tanto na biblioteca de centro coma no departamento de Química, nel tamén existen diversos materiais audiovisuais que nun

momento determinados se poderían usar.

4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Farase un exame escrito por cada avaliacion, que constará cuestións de razoar, problemas numericos e algunha practica de laboratorio. A puntuacion explicitarase na folla de exame.

Poderán utiliza-la calculadora non programable e co exame facilitaraselles unha Taboa Periódica. A avaliación será continua, coa realización de tres probas anuais, coincidindo coos periodos de avaliación escolar.

Para os alumnos que non acadaron os contidos mínimos, daráselles a oportunidade de realizar un derradeiro exame de toda-la materia. No caso de non aprobar (nota de 5) poderán realizar un exame extraordinario en xuño cos mesmos criterios e a mesma programación que en maio.

4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ademais do mencionado con anterioridade, os alumnos que despois de facer os correspondentes exames non houberan superado a asignatura, ou aqueles interesados en subir a sua nota, daraselles unha oportunidade en cada unha das avaliacións. Farase un exame extraordinario similar ao ordinario. Este exame extraordinario só penalizará ao alumnado no caso de que a nota alcanzada neste sexa moi inferior á nota que xa tiña no ordinario (2 puntos menos), no resto de casos quedarase coa mellor das calificacións.

4.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación realizaránse 2 exames. Un exame parcial coa metade dos contidos que suporá o 30% da avaliación e un exame final que inclúe todos os contidos do trimestre e suporá o 60% da avaliación. O 10% restante obterase da avaliación da parte experimental, valorada polo traballo, presentación e actitude cara as prácticas feitas. Considerarase que o alumnado supera o trimestre se consegue unha nota igual ou superior a 5 sobre 10.

A cualificación final será a media ponderada das cualificacións dos trimestres.

Considerarase o curso superado cando a media ponderada dos tres trimestres sexa igual ou superior a 5 sobre 10, sempre e cando todas os trimestres teñan unha cualificación igual ou superior a 3 sobre 10.

4.6. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

Realizarase unha proba de recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos con

cualificación negativa ao final do correspondente trimestre. A avaliación considerárase aprobada se o alumnado obteñen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. O alumnado aprobado terá a posibilidade de subir nota presentándose voluntariamente a dita proba. Así, quedarase coa nota máis alta, excepto que a nota do exame extraordinario sexa moi inferior ao ordinario (menos de 2 puntos), en cuxo caso será penalizado.

Por outra banda, se o/a alumno/a non acadada a nota mínima en Maio, farase outro exame extraordinario en Xuño con todos os contidos do curso. Do mesmo xeito que nas recuperación trimestrais, o alumnado aprobado terá tamén a posibilidade de subir nota presentándose voluntariamente a dita proba e coas mesmas condición que na recuperación dos trimestres.

4.7. ORGANIZACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non se da o caso.

4.8. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR

Non se fai, xa que o tempo e moi xusto para impartir todala materia.

4.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E ACNEAE

Presentaranse diferentes actividades de reforzo, consolidación e ampliación dos conceptos. Neste curso e debido a interrelación social e cultural que caracteriza este concello, deberase buscar dentro da aula un equilibrio e unha atención axeitada a esta interculturalidade.

4.10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A importancia desta asignatura e a súa relación cos temas transversais, podemos cuantificar fundamentalmente en que se esta a tratar dunha materia na que se tocan temas actuais como as industrias químicas: petróleo, oxidacións, choivas ácidas, ...

Detal xeito que como resume podemos afirmar que:

Educación para a saúde: en casi todo-los temas, podese comentar este tema transversal.

Educación para a Paz: nun tema tan importante a influencia do petróleo e hidrocarburos é esencial.

Educación para a igualdade de sexos: a relación que se establece no laboratorio debe ser esencial para que se valore a capacidade do individuo, independentemente de cal sexa o seu sexo.

Educación para o medio ambiente: a oxidación, a choiva ácida e a contaminación por desfeitos de fabricas son una reflexión que se debe considerar.

TECNICAS DE LABORATORIO (1º Bach)

Introdución e contextualización:

En primeiro lugar, aí que ter en conta o escaso bagaxe que os alumnos soen traer da ESO no que se refire á parte experimental, posiblemente debido á falta de tempo e dispoñibilidade do profesorado en xeral.

Así mesmo, destaca-la súa importancia de cara a adquirir habilidades e destrezas na realización de medidas, uso de material volumétrico e gravimétrico e cálculos matemáticos.

Tamén debe terse en conta a súa proxección de cara ao futuro do alumnado, tanto no ámbito profesional como no académico, sexa este último universitario ou tamén de cara a realizar un ciclo formativo de grao superior.

Por último, resaltar que o noso centro está especializado en bacharelato, impartíndose tanto os bacharelatos de ciencias como os de humanidades e ciencias sociais.

Obxectivos

- Usar destrezas investigativas que lle permitan diseñar procesos ou estratexias para a resolución dos problemas.
- Desenrolar valores e actitudes propias do pensamento científico como a busca de información, a curiosidade, a capacidade crítica, o traballo sistemático e riguroso e unha actitude dialogante e non dogmática.
- Valorar o coñecemento científico no seu conxunto como elemento inseparable do saber xeral, en evolución e revisión continua.
- Que o alumnado se familiarice coa práctica experimental
- Motivar o interese do alumno pola materia
- Completa-la súa formación de cara a seu futuro académico e profesional.
- Comprensión axeitada dos conceptos, por medio da observación directa dos fenómenos

Competencias

As competencias clave en relación con esta materia son a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Destacar en primeiro lugar que o alumno adquirirá unha maior bagaxe na realización de cálculos matemáticos, realización de medidas e representacións gráficas.

Por outra banda, o alumno aprenderá a interpretar e reflexionar sobre os resultados obtidos, e tomar decisións baseadas en probas e argumentos.

Por último, a mellora na adquisición dunha linguaxe científico axeitada e outro aspecto digno de mención.

Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e metodoloxía

Como norma xeral, en cada sesión comenزارase cunha explicación detallada e minuciosa dos aspectos esenciais a tratar por parte do profesor, recalando as precaucións específicas requiridas en cada caso.

A avaliación realizarase en cada clase, valorándose por un lado o interese mostrado polo alumno e máis a súa disposición de traballo, e por outra banda a correcta realización do traballo.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- 25% proba escrita (maioritariamente tipo test)
- 25% informes de prácticas
- 50% traballo diario e actitude no laboratorio

Por último, dicir que para os alumnos non aptos no proceso de avaliación e calificación, terán a oportunidade de recuperar a materia pendente realizando un exame escrito, baseado no fundamento teórico, montaxe e cálculos numéricos levados a cabo.

Os traballos a realizar son os seguintes:

1ª.- A SEGURIDADE NOS LABORATORIOS QUÍMICOS

Dada a importancia de este tema, adicarase como mínimo 4 sesións para o coñecemento das normas básicas de seguridade no traballo de laboratorio (esto inclúe a proxección de vídeos didácticos que tratan sobre este tema).

Os aspectos a tratar son os seguintes:

- Espazo físico de traballo
- Instrumental
- Os reactivos
- Os hábitos de traballo
- As operacións básicas
- Os accidentes personales
- Os accidentes globais
- Resumo xeral

De esta primeira unidade didáctica farase unha proba escrita, facendo hincapie nos pictogramas de perigosidade. O alumno deberá coñecer o significado de ditos pictogramas, a fin de que sepa os riscos que implica o manexo dos diferentes produtos químicos.

Tempo aproximado: 4 sesións

2ª.- O MATERIAL DE VIDRO: RECOÑECIMENTO E USO

Dada a importancia que adquire en niveis mais avanzados o coñecemento do material de vidro que se usa mais frecuentemente, adicarase especial atención a que o alumno identifique, nomee, debuxe e coñeza a utilidade práctica dos diferentes aparatos de vidro de maior uso.

Tempo aproximado: 3 sesións

3ª.- TECNICAS DE PESADA

É importante que o alumno aprenda a utilizar os diferentes modelos de balanzas das cales dispoñemos no laboratorio.

Contamos con balanzas de 2 platillos, 1 balanza monoplato e balanzas electrónicas.

Como estándares de aprendizaxe, recalcar a necesidade de identificar os 3 elementos básicos que interveñen na pesada: Balanza, vidro de reloxo e espátula metálica.

Tempo aproximado: 2 sesións

4ª.- MEZCLAS: TECNICAS DE PREPARACIÓN

Logo de explicar brevemente o concepto de disolución, utilizando como modelo a disolución de Cloruro Sódico en auga, os alumnos prepararán un determinado volumen de disolución, utilizando un matraz aforado da mesma capacidade, e expresando a concentración en molaridade.

Por outra banda, os alumnos prepararan una disolucion mais diluida a partires doutra mais concentrada, requeriñdose en estos casos a explicacion dos fundamentos teoricos necesarios, xa que se precisa facer cálculos numéricos previamente.

Tempo aproximado: 3 sesións

5ª.- REACTIVOS QUÍMICOS: O SEU USO

Ademais de familiarizarse cos reactivos de uso mais frecuente, e co fin de que os alumnos poidan apreciar de maneira axeitada a transformación dunhas sustancias en outras diferentes, levaranse a cabo procesos químicos nos que teña lugar ben a formación dun precipitado, o desprendimento dun gas, ou un cambio da cor no medio.

Tempo aproximado: 2 sesións

6ª.- METODOS DE SEPARACION DE SUSTANCIAS

Utilizaranse básicamente os seguintes:

- EMBUDO DE DECANTACION

O seu uso está indicado na separación de líquidos inmiscibles.

- **FILTRACION POR GRAVEDAD**

Que o alumno aprenda a separar por filtración precipitados de sales pouco solubles das suas disolucións líquidas. Evaluarase fundamentalmente o correcto montaxe da practica, facendo especial mencion da correcta colocacion do papel filtrante.

- **FILTRACION A VACIO**

O obxectivo e o meso que antes, pero o método empregado na separación do precipitado é diferente. Neste caso tratase de xerar o vacio utilizando para elo o material axeitado. Novamente recalcar a importancia de cara a avaliar este traballo da realización correcta do montaxe do mesmo, nomeando e debuxando o material empregado, e realizando así mesmo un esquema da montaxe.

Tempo aproximado: 4 sesións

7ª.- CALORIMETRIA

O Obxectivo desta unidade didáctica consiste na determinación empírica do calor desprendido nun proceso de disolución facendose indispensable o uso do calorímetro. Por outra banda, precisase recordar conceptos teóricos básicos para poder calcular numericamente o calor desprendido.

Avaliarase polo tanto non só o traballo experimental en si, sinón tamen os cálculos numéricos necesarios para a determinación do calor de disolución.

Tempo aproximado: 2 sesión

8ª.- MEDIDA DO PH

O obxectivo fundamental desta unidade consistirá en aprender as técnicas de determinación do pH. En primeiro lugar, empregando papel indicador, apreciarase o pH para determinadas disolucións de ácidos, bases e sales,

Asimesmo, farase mencion do uso do peachimetro como alternativa na determinación do pH, e por último empregaranse indicadores líquidos, especialmente indicados nas valoracións ácido-base.

O alumno debera coñecer polo menos 3 indicadores, e máis a súa gama de cores.

Tempo aproximado: 3 sesións

9ª.- DETERMINACION DA DENSIDADE DOS CORPOS

O obxectivo da unidade e consiste na comprobación experimental do PRINCIPIO DE ARQUIMEDES, e a súa utilidade práctica na determinación de densidades, tanto de sólidos como de líquidos, sendo necesario polo tanto establecer en primeiro lugar os fundamentos teóricos necesarios. De seguido, farase uso do dinamómetro para determinar o peso real e máis o peso aparente do corpo escollido. Finalmente determinarase a densidade dun líquido. E con posterioridade a do corpo somerxido utilizando auga.

Avaliarase tanto o coñecemento do desenvolvemento dos procesos como os cálculos numéricos necesarios para o cálculo de ditas densidades.

Tempo aproximado: 3 sesións

10.- ELASTICIDADE DOS CORPOS: TECNICAS DE MEDIDA

O obxectivo consiste na comprobación empírica da ley de Hooke, calculando a constante de elasticidade de diferentes muelles, facendose necesario establecer previamente o fundamento teórico de dita lei.

Avaliarase tanto o correcto montaxe e desenvolvemento da práctica como os cálculos necesarios.

Tempo aproximado: 2 sesións

5. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Faranse actividades de lectura para vela capacidade de comprensión que fain os alumnos (os de 3º da ESO e 4º ESO, e fundamentalmente en 2º da ESO) respecto os enunciados dos problemas, sabendo analizar de forma crítica, e sintetizar a información relevante, e así atopar a solución do problema. No caso da Química para darlle a entonación correcta os compostos.

Analizar a información que nos achegan as imaxes, os esquemas de Física fundamentalmente, as gráficas das prácticas, inclusive podese leer algunha nota de prensa de actualidade, relacionado co medioambiente(perda radiactiva,cambio climático etc..)

6. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO TIC

No departamento de Física e Química usamos a pizarra dixital sobre todo na ESO, e faise de grande utilidade o ordenador co proxector na química de 2º de bacharelato, ao poder facer con gran facilidade os exames propostos pola CIUGA. Do mesmo xeito, fomentando e ensinándolles a usar a calculadora científica, necesaria para resolver os exercicios e cuestións nos exames ou nos controis diarios na aula.

7. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Desde o noso departamento queremos contribuir ao plan de convivencia coas seguintes accións:

Crear un clima na aula favorable ó proceso de ensino-aprendizaxe e que evite as condutas que alteren o ritmo da clase, buscando a participación activa dos alumnos, fomentando o respecto ao profesor e aos compañeiros.

Promover a tolerancia en toda a comunidade educativa. Fomentar actitudes que non discriminen por ningún motivo.

Usar o traballo en grupo para compartir ideas e dificultades cos demais,pero respetando a opinión dos demais e sempre buscando acordos en beneficio de todos

Potenciar a participación activa no centro, a solidaridade o compañerismo

Participar na resolución pacífica dos conflitos, a mediación e o recoñecemento das propias faltas por parte do alumnado.

8. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Destacaremos fundamentalmente dous:

- Que o alumno mostre un comportamento axeitado no que se refire as suas actividades, intres amosado, na súa asistencia á clase, así como nas probas tanto orais como escritas e traballos realizados. En definitiva, que a observación directa do traballo e participación do alumnado en xeral de unha impresión claramente positiva.
- Que os resultados acadados no proceso de avaliación trimestral sexan claramente positivos, entendendo por tales cando ao menos o 50% do alumnado superou a materia avaliada, e non ouvo sintoma de abandono da asignatura por parte dos alumnos que deban recuperala.

9. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Dado que no presente curso non se poderá dispoñer no horario individual de cada profesora da hora de reunión semanal dos membros do departamento, intentaremos reunirnos nos recreos ou ratos libres que teñamos a fin de avaliar a programación e tomar as medidas correctoras que fosen precisas, ben nese momento, ou deixandoo refletido na memoria anual a fin de introducir os pertinentes cambios na programación do seguinte curso.

O remate do curso avaliarase os seguintes aspectos da programación de cara a plasmar os cambios pertinentes no seguinte curso:

- Selección, distribución e secuenciación dos contidos no curso.
- Valorar os métodos usados e materiais didácticos propostos para o uso dos alumnos.
- Adecuación dos criterios de avaliación.

10.- Actividades complementarias e extraescolares

Polo momento non temos prevista ningunha saída.

11.- Metodoloxía no ENSINO A DISTANCIA

Alumnado da ESO:

Empregarase o correo electrónico ou a aula virtual para levar a cabo tarefas de repaso, reforzo e corrección de exercicios: O profesor manda o traballo con arquivos adxuntos, no que se inclúe a explicación e a proposta de novos exercicios, logo dun tempo prudencial (1 semana ou máis), recibiránse as respostas e o profesor reenviará a solución correcta.

O alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, fráselle chegar o material de traballo que se considere axeitado por medio dos respectivos titores.

En relación cos critérios de calificación, avalíaranse as tarefas realizadas a través da aula virtual ou enviadas por medio do correo electrónico, tal e como se fixo no 3º trimestre do curso pasado.

Alumnado de bacharelato:

Grabación de vídeos dende o domicilio particular, difundidos a través de un canal de youtube creado para tal fin, e clarificando posibles dúbidas por medio do correo electrónico.

Proposta de exercicios mediante o uso da aula virtual ou correo electrónico.

En relación cos critérios de calificación, avalíaranse as tarefas realizadas a través da aula virtual ou enviadas por medio do correo electrónico, e ademais, valorárase a posibilidade de facer un exame telemático por cada avaliación, tal e como se fixo no 3º trimestre do curso pasado en 2º de bacharelato.